



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Área Económica

Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2026

ANUNCIO

O pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 30 de outubro de 2025, aprobou inicialmente o orzamento xeral do concello de Oleiros para o exercicio 2026, así como as bases de execución, o cadro de persoal e o resto dos documentos anexos.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e disposicións concordantes, expónse ao público na sede electrónica deste Concello (no apartado de Publicacións Oficiais\Taboleiro de Anuncios\Anuncios Municipais), a través da seguinte ligazón:

https://sede.oleiros.org/sta/docs/GetDocumentServlet?CUD=15705632647557600727&HASH_CUD=bd9eebe3c76609cb3eb59145c9134453782bcfd5&APP_CODE=STA

polo prazo de quince días hábiles, o cal comezará a contar desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no boletín oficial da provincia, a fin de que durante o dito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, dirixidas estas ao alcalde desta corporación.

No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia.

En Oleiros, asinado dixitalmente o 31 de outubro de 2025, pola Primeira tenente de Alcalde delegada de Economía e Facenda, M^a José Varela Neira.

2025/7181